

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Eva Solla Fernández**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

No tramo final da campaña electoral das eleccións xerais a ministra de Fomento, Ana Pastor, e o alcalde de Pontevedra, Miguel Lores, puxeron a “primeira pedra” do tramo Vilaboa-A Ermida, pertencente á autovía A-57, da que se di que será a alternativa de gran capacidade á estrada N-550 en Pontevedra.

Dise tamén que xunto cos tramos A Ermida - Pilarteiros e Pilarteiros - Barro e conexión con AP-9 en Curro, constituirá a futura circunvalación de Pontevedra de A-57.

O orzamento de licitación do tramo de 6,48 quilómetros é de 86,31 millóns de euros.

Os traballos desenvolveranse no ámbito metropolitano da cidade de Pontevedra, percorrendo os Concellos de Pontevedra e Vilaboa, destacando os núcleos da Ermida, Pintos, Valladares, Pumariño, Bértola, ou Outeiro e Boullosa.

O novo tramo de autovía, con 6,48 km de lonxitude, iníciase á altura do enlace da Ermida, sobre o p.k. 4 +000 da estrada autonómica PO-532, e finaliza no p.k. 6 +560, de modo que a conexión do seguinte tramo poida evitar a Mámoa de San Roman-O Cruceiro. É un tramo dun proxecto máis amplo que debería chegar a ser unha autovía de 64 quilómetros que custará máis de 1.000 millóns de euros, A-57, que se nos vende como a alternativa gratuíta á autoestrada AP-9.

O que non nos din é o custo social e ambiental que terá a construción desta autoestrada.

Dividirá en dous núcleos de poboación como o de Pintos, en Marcón, onde os veciños se encontrarán con noiros de ata 60 metros -o equivalente a un edificio de 17 pisos- que lle impedirán comunicarse coa casa situada xusto en fronte. E destruíranse decenas de traídas de auga e acuíferos usados polos cidadáns tanto para consumo domésticos como para as súas hortas e labores agrícolas.

Esta nova obra provocará ademais un grave impacto ambiental e paisaxístico na Serra da Fracha, un monte con vistas realmente únicas ás Rías Baixas.

Tampouco nos din que a AP-9, a autoestrada á que substitúe a nova A-57, leva seis anos perdendo tráfico. Co que corremos o perigo de que haxa que rescatala con diñeiro público como xa pasou en máis dunha ocasión, como por exemplo as radiais de Madrid, que custaron aos contribuíntes 4.500 millóns de euros.

O Foro Económico de Galicia acaba de publicar un estudo de propostas económicas para Galicia e entre as medidas incluídas encóntrase a necesidade de realizar un estudo rigorosos de custo-beneficio para as infraestructuras que superen os 5 millóns de presuposto. Evidentemente os autores da proposta chegan a esa conclusión porque o pasado recente está cheo de infraestructuras que supuxeron un despilfarro que lastra o benestar social. Consecuencia dun modelo irracional e insostible que primou o negocio das grandes empresas da construción civil antes que a racionalidade no gasto. Non podemos permitir que se despilfarren os cartos públicos deste xeito mentras se recurta en dereitos básicos.

É necesario un cambio radical na toma destas decisións, que implique que galegos e galegas, pontevedreses e pontevedresas poidan opinar se é mellor gastar 86 millóns en 6 quilómetros de autovía ou se deberían de adicar a outras prioridades.

Por todo isto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión:

Cando comezarán as obras do tramo Vilaboa-A Ermida, pertencente á autovía A-57?

Santaigo de Compostela, 25 de xaneiro de 2016.



**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 25/01/2016 10:45:18**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 25/01/2016 10:45:27**

**Ramón Vázquez Díaz na data 25/01/2016 10:45:30**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 25/01/2016 10:45:33**

**Eva Solla Fernández na data 25/01/2016 10:45:36**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 25/01/2016 10:45:39**